

#AltatensiónAsíNON


Arteixo
PSG
PSOE



Guía do
**patrimonio
ameazado**
pola liña de
ALTA TENSIÓN

#Arteixo


unha paisaxe nica



A liña de alta tensión que se pretende construír entre o parque eólico de Monteagudo e o Polígono de Morás supón unha ameaza para boa parte da riqueza etnográfica, natural e paisaxística do concello de Arteixo.



O proxecto contempla a construción de 47 torres de máis de 40 metros de altura, algunhas delas nunha zona que é Reserva da Biosfera, moi próxima aos humedais costeiros de Barrañán, na que aínda seguen vivos os usos tradicionais do territorio.



Dende o **PSdeG-PSOE de Arteixo** queremos poñer en valor o patrimonio ameazado nunha zona que, a pesar do seu enorme valor, aínda é descoñecida para boa parte da veciñanza. **O val de Loureda, Santa Leocadia, Margarida e a ribeira do Sisalde gardan tesouros que merecen ser protexidos da desfeita da alta tensión.**

mapa

zonas e puntos de referencia



1 Val de Loureda

- *Igrexa de Santa María (S.XVIII).*
- *Montes da Rocheira.*

2 Santa Leocadia

- *Coto de Santa Leocadia.*

3 Senda do Sisalde

- *Castro de Armentón.*
- *Senda do río Sisalde.*
- *Muíños de Margarida.*
- *Fraga de Sisalde.*
- *Zona húmida de Barrañán.*



Suevos
(San Martiño)

Pastoriza
(Santa María)

1 Val de Loureda

- *Igrexa de Santa María (S.XVIII).*
- *Montes da Rocheira.*

Castro de Galán

Oseiro
(San Tirso)

Castro de Laxobre

Arteixo
(Santiago)

enouqueiras

Castro de Outeiro

Loureda
(Santa María)

Morás
(Santo Estev)

Castro de Santa Locaia

1

Val de Loureda

A parroquia de Loureda foi capaz de resistir o ímpeto industrializador doutras zonas do concello e aínda conserva, en boa medida, o encanto rural da vida tradicional en Arteixo.



1. Val de Lourada



A **igreja de Santa María** pode ser un bo punto de partida para emprender unha ruta a través do patrimonio ameazado pola alta tensión. O templo foi reconstruído por completo no século XVIII, pero aínda conserva a ábsida románica orixinal, abovedada e con dous arcos. No interior poderás descubrir un fermoso retablo, obra do escultor Xosé Ferreiro e do pintor Landeira, considerada unha obra mestra do seu tempo.

1. Val de Loureda





Os **montes da Rocheira**, na mesma parroquia, non deixan de deparar sorpresas ao visitante. En tempos recentes, un estudo arqueolóxico certificou a existencia dun castro que estaba sen catalogar. O poboado da Idade de Ferro está bastante deteriorado e cuberto polos eucaliptos, pero aínda é posible recoñecer o relevo da croa e un parapeto.

Na mesma zona, merecen unha visita os afloramentos das Pedras Anchas ou a Pedra do Rastro, onde podes tratar de atopar o "Pé do Demo", unha pequena formación natural que semella unha pegada escavada na rocha.





2 Santa Leocadia

- *Coto de Santa Leocadia.*



Ao **Coto de Santa Leocadia**, cos seus 369 metros sobre o nivel do mar, fáltalle pouco para ser o punto elevado de Arteixo, pero o Coto da Anta (384m) e a Pedra dos Bañadoiros (379m) acadan unha altitude algo maior.




2

**Santa
Leocadia**



2. Santa Leocadia



Agora ben, estamos ante un miradoiro natural realmente privilexiado, cunha vista panorámica que abrangue a práctica totalidade do termo municipal e se estende, nos días despexados, máis aló da Torre de Hércules.

Hai quen afirma que neste monte había un antigo castro, malia que ningún estudo arqueolóxico logrou corroborar tal suposición. Aínda así, a presenza humana na zona parece acreditada dende tempos remotos pola existencia doutros xacementos próximos, como o menhir do Marco da Anta, tamén coñecido como a "Pedra do Ghicho", xa en terras da Laracha.



2. Santa Leocadia

Aparte do ter un enorme interese paisaxístico, ambiental e patrimonial, o Coto de Santa Leocadia é unha auténtica meca para os afeccionados ao ciclismo de toda a área metropolitana da Coruña. Para chegar ao alto é preciso afrontar unhas ramplas cunha pendente media do 12%, un reto moi esixente que non está ao alcance de calquera.



3 Senda do Sisalde

- *Castro de Armentón.*
- *Senda do río Sisalde.*
- *Muíños de Margarida.*
- *Fraga de Sisalde.*
- *Zona húmida de Barrañán.*



3

Margarida e a Senda do Sisalde



A photograph of a dense forest with tall trees and sunlight filtering through the canopy. A semi-transparent red banner is overlaid across the top portion of the image.

O Castro de Armentón

Testemuño da presenza humana en Arteixo durante a Idade de Ferro.

A photograph of a forest floor covered in lush green ferns and other vegetation. The background shows more trees and sunlight filtering through the canopy.

3. Margarida e a
Senda do Sisalde



Moi pretoño do núcleo de poboación do Castro, á beira do río Sisalde, elévase un outeiro dende o que é posible gozar dunha fantástica vista do val de Barrañan, a praia e a inmensidade do océano. Este era o emprazamento do **antigo poboado castrexo das Croas de Armentón**, onde foron localizados diversos utensilios da Idade de Ferro na década de 1940. Actualmente, aínda é posible apreciar unha parte do recinto superior e o foxo que o rodeaba.




3. Margarida e a Senda do Sisalde

A Senda do río Sisalde

Unha ruta de sendeirismo apta para todos os
camiñantes.

A Senda do río Sisalde percorre, ao longo de 18 quilómetros, algunhas das zonas do concello con maior encanto natural e etnográfico. Discorre polas parroquias de Armentón, Barrañán, Chamín, Larín e Monteagudo e apenas presenta desnivel, polo que é perfectamente asumible para calquera persoa con ganas de facer algo de exercicio ao aire libre. Ao longo do seu trazado vanse sucedendo os muíños que noutrora empregaban a forza da auga para moer o gran, entre os que destacan o de Margarida ou o dos Zapata, coidadosamente restaurado en tempos recentes.





O muíño dos Zapata

Memoria viva da tradición agraria e rural de Arteixo.

3. Margarida e a
Senda do Sisalde



3. Margarida e a Senda de Sisalde

A Fraga de Sisalde

O último exemplo de bosque atlántico caudicifolio en
Arteixo



Antes de chegar á zona litoral de marismas, a senda atravesa unha das últimas mostras de bosque atlántico caducifolio no concello de Arteixo: a Fraga de Sisalde. Neste espazo, de enorme valor natural, temos a oportunidade de camiñar entre carballos, castiñeiros, amieiros ou salgueiros, así como outras especies vexetais como os fentos, que atopan neste solo a humidade que precisan.





As marismas de Barrañán

Reserva de especies animais en perigo de extinción.



3. Margarida e a Senda do Sisalde



No seu treito final, a poucos metros da súa desembocadura no océano, as augas do río Sisalde drenan a **zona húmida de Barrañán**, un santuario de especies animais como o sapoconcho, a pílara ou o escribente das canaveiras. Esta última é unha das aves máis ameazadas da península Ibérica, cuxa poboación reprodutora apenas supera as 400 parellas.



Fronte desfeita ambiental,
patrimonial e paisax stica,
no PSdeG-PSOE de Arteixo
defendemos o noso.

